

**PROPOSTAS DO GRUPO DE TRABALLO DE
RENOVACIÓN DA NORMATIVA QUE REGULA
O OBSERVATORIO GALEGO LGBTIQ+**



**XUNTA
DE GALICIA**

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Política Social e Igualdade

EDICIÓN

Dirección Xeral de Promoción da Igualdade

CONTACTO

igualdade.xunta.gal

igualdade@xunta.gal

Santiago de Compostela, 2025

Contido

I.- INTRODUCCIÓN.....	4
II.- METODOLOXÍA.....	4
III.- PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN DA NORMATIVA QUE REGULA O OBSERVATORIO GALEGO LGBTIQ+.....	6
.....	6
1. Composición do Observatorio.....	6
2. Funcionamento do Observatorio.....	8
3. Funcións do Observatorio.....	9
4. Outras cuestións.....	10

I.- INTRODUCCIÓN

O *Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero* é un órgano colexiado da Xunta de Galicia dependente da Consellería de Política Social e Igualdade no que se atopan representadas as distintas áreas da Administración autonómica, a Delegación do Goberno en Galicia, as universidades, os sindicatos, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e representantes do tecido asociativo LGBTIQ+ galego.

Entre as funcións outorgadas a este organismo polo *Decreto 131/2018, do 10 de outubro, polo que se crea e se regula o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero* atópase a emisión de informes sobre as materias da súa competencia. Con ese fin, o pleno do Observatorio celebrado o 13 de novembro de 2024 aprobou encargarlle a un grupo de traballo, composto por representantes deste, a revisión da normativa que regula o Observatorio e a elaboración de propostas para a súa renovación e actualización.

II.- METODOLOXÍA

Na revisión da normativa e busca de consenso nas propostas participaron as seguintes entidades integradas no Observatorio LGBTIQ+ galego:

- Dirección Xeral de Promoción da Igualdade
- Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
- Universidade de Vigo

- Confederación Intersindical Galega (CIG)
- Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF)
- Unión General de Trabajadores-Galicia (UGT-Galicia)
- Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)
- ALAS A Coruña Asociación LGTBI+
- ARELAS, Asociación de Menores e Mocidade Trans de Galicia
- Asociación Avante LGBT+
- Asociación Nós Mesmas

Para a elaboración do presente documento, as persoas que forman o grupo de traballo fixeron as achegas que consideraron oportunas a través de correo electrónico. Estas foron trasladadas ás entidades para o seu estudo e finalmente debatidas en varias sesións presenciais.

Dende a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade non se realizaron propostas xa que este departamento será o encargado da iniciativa de renovación da normativa baixo asesoramento xurídico.

Acordado o texto definitivo, o documento foi trasladado ao Pleno do Observatorio LGBTIQ+ para a súa aprobación.

III.- PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN DA NORMATIVA QUE REGULA O OBSERVATORIO GALEGO LGBTIQ+

As propostas acordadas relátanse seguindo o esquema utilizado polo grupo de traballo para a súa análise:

COMPOSICIÓN	→ Presidencia → Vicepresidencia → Vogalías
FUNCIONAMENTO	→ Pleno → Grupos de traballo
FUNCÍONS	→ Informe de incidentes de odio → Outras funcións
OUTRAS	→ Linguaxe → Marco legal → Transparencia e publicidade → Orzamento e compensación de axudas de custo

1. Composición do Observatorio

PRESIDENCIA: designación

Proposta 1: Permitir que a presidencia sexa exercida por unha persoa de recoñecido prestixio no campo da promoción da igualdade de trato, a participación social e a loita contra a discriminación das persoas LGBTI, nomeada pola persoa titular do órgano competente.

Proposta 2: Recoller que a persoa que exerza a presidencia será a representante do órgano de maior nivel da Xunta de Galicia competente en materia LGBTI.

Aprobadas ambas propostas o texto acordado sería o seguinte:

A Presidencia do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade e expresión de xénero correspóndelle á persoa titular do órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia LGBTIQ+ ou en igualdade, no caso de non haber un órgano específico LGBTIQ+, ou a unha persoa de recoñecido prestixio no campo da promoción da igualdade de trato, a participación social e a loita contra a discriminación das persoas LGBTIQ+ nomeada pola mesma.

VICEPRESIDENCIA: cese

Proposta 3: Retirar a mención expresa ao número de tres sesións de ausencia como motivo de cese da vicepresidencia no Decreto, que será substituído pola formulación *falla reiterada de asistencia inxustificada*, especificando o número de sesións no Regulamento de funcionamento interno.

VOGALÍAS: designación

Proposta 4: Engadir vogalía para a Valedora do Pobo.

Proposta 5: Engadir vogalías para cada un dos grupos constituídos no Parlamento de Galicia ao inicio de cada lexislatura.

Proposta 6: No caso de que se estableza un número máximo de vogalías en representación das entidades LGBTI, establecer como criterio de preferencia que o ámbito de actuación da entidade, recollido nos seus estatutos, sexa a Comunidade Autónoma de Galicia.

Proposta 7: Recoller que as persoas que representen ás universidades deberán contar con coñecementos, experiencia ou vinculación profesional específica en materia de xénero e diversidade.

VOGALÍAS: cese

Proposta 8: Retirar o límite dunha soa renovación para as persoas representantes das vogalías.

Proposta 9: Retirar a mención expresa ao número de tres sesións de ausencia como motivo de cese das vogalías no Decreto, que será substituído pola formulación *falla reiterada de asistencia inxustificada*, especificando o número de sesións no Regulamento de funcionamento interno.

2. Funcionamento do Observatorio

PLENO

Proposta 10: Recoller que para convocar un pleno extraordinario do Observatorio será necesario o acordo de dous terzos das entidades LGBTI, completando as opcións que xa aparecen no Decreto.

Proposta 11: Reducir o prazo de envío das convocatorias ordinarias a 10 días hábiles (recollido no Regulamento de funcionamento interno).

Proposta 12: Recoller que se procurará enviar a documentación que deba ser revisada polas vogalías xunto coa convocatoria e, de non ser posible, no prazo mínimo de 5 días hábiles (recollido no Regulamento de funcionamento interno).

GRUPOS DE TRABALLO

Proposta 13: Crear unha Comisión Permanente de Seguimento que analice o grao de cumprimento dos acordos e das recomendacións feitas polo Observatorio LGBTIQ+.

Proposta 14: Recoller que se poderá reactivar un grupo de traballo xa pechado no caso de que o pleno considere que é necesario.

Proposta 15: Substituír no apartado onde di que *Os grupos de traballo darán conta da súa actividade e resultados ao Pleno* por *Os grupos de traballo informarán periodicamente ao Pleno sobre a súa actividade e resultados*.

3. Funcións do Observatorio

INFORME DE INCIDENTES DE ODIO

Proposta 16: Especificar no Decreto que o informe recollerá, ademais dos datos empíricos de incidentes de odio de fontes oficiais, información trasladada polas vogalías.

Proposta 17: Recoller que o informe contará coas propostas feitas polos grupos de traballo do Observatorio galego LGBTIQ+ que teñan relación co contido deste.

OUTRAS FUNCIÓNS

Proposta 18: Especificar no Decreto que a función de denuncia do Observatorio se limitará a casos de LGBTIfobia que involucren as institucións e os organismos públicos.

A redacción do apartado sería a seguinte:

Recoller e canalizar as denuncias en materia de discriminación por razón de orientación sexual e identidade e expresión de xénero que involucren as institucións e os organismos públicos.

Proposta 19: No procedemento de tramitación de denuncias, regulado no Regulamento de funcionamento interno, reducir o prazo co que contarán as vogalías para facer as achegas iniciais que consideren a 10 días hábiles.

4. Outras cuestións

LINGUAXE

Proposta 20: Mudar o termo *transexual* por *trans*.

Proposta 21: Mudar o acrónimo de *LGTB* a *LGBTIQ+*.

Proposta 22: Mudar a expresión *loita contra a homofobia, bifobia, lesbofobia e/ou transfobia* por *loita contra a discriminación LGBTIQ+fóbica*, por ser máis inclusiva.

Proposta 23: Mudar a expresión *identidade de xénero* por *identidade e expresión de xénero*.

MARCO LEGAL

Proposta 24: Actualizar o marco legal, coa incorporación ao texto da *Lei 4/2023, de 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI*.

TRANSPARENCIA E PUBLICIDADE

Proposta 25: Dar publicidade aos acordos das sesións plenarias e aos documentos aprobados polo pleno do Observatorio.

Proposta 26: Recoller no Regulamento de funcionamento interno que toda a documentación relevante se publicará, na medida do posible, en formatos de lectura fácil e/ou outros formatos inclusivos.

Proposta 27: Recoller o enderezo electrónico de contacto do Observatorio no Regulamento de funcionamento interno.

ORZAMENTO E COMPENSACIÓN DE AXUDAS DE CUSTO

Proposta 28: Permitir que se sufraguen os gastos de desprazamento das vogalías de entidades LGBTI para acudir ás xuntanzas presenciais.

Proposta 29: Permitir a remuneración de axudas de custo a persoal asesor experto pola súa participación e colaboración no desenvolvemento das funcións do Observatorio.

